

## ANUNCIO

Asunto: ANULACIÓN LISTA DE ASPIRANTES PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE POSTOS/PRAZAS DE TÉCNICO DE XESTIÓN PARA O DEPARTAMENTO DE XESTIÓN ECONÓMICA APROBADA POLA RA 115/2020 E PRIMEIRA ACTUALIZACIÓN LISTA DE ASPIRANTES PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE POSTOS/PRAZAS DE TÉCNICO DE XESTIÓN PARA O DEPARTAMENTO DE XESTIÓN ECONÓMICA APROBADA POLA RA 421/2020

Faise público que en data 03.04.2024 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 386/2024 cuxa parte dispositiva, no que aquí interesa, dispón:

**PRIMEIRO**.- Aceptar a renuncia de María Roca Vázquez causando baixa definitiva na lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de técnico/a de xestión aprobada pola Resolución da Alcaldía núm. 115/2020 e na aprobada pola Resolución da Alcaldía núm. 421/2021.

**SEGUNDO** - Anular a lista de aspirantes aprobada pola Resolución da Alcaldía núm. 115/2020 ao causar baixa definitiva a única aspirante.

**TERCEIRO** - Actualizar a lista de aspirantes aprobada pola Resolución da Alcaldía núm. 421/2021, quedando como segue:

	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL CONCURSO-OPOSICIÓN
1	SOTO VIVERO, JESÚS MANUEL	***1730**	10.75
2	POUSO FUSTES, MARÍA SANDRA	***6974**	9.30

G-0  
096  
150  
P-  
F-  
C1

**CUARTO**.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na web municipais.

**QUINTO**.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes desde a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativo podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

Non obstante, poderá impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey.